

MDMA

A substancia comumente coñecida como MDMA (3-4 metilendioxi metanfetamina) é unha substancia ilegal derivada dunha anfetamina **estimulante** do Sistema Nervioso Central.



PRESENTACIÓN E COMPOSICIÓN

Pode ser en pastillas (cunha gran variedade de tamaños, formas e cores), en cápsulas ou en pequenas rocas cristalinas denominadas cristal, polo que a vía de administración máis común é a oral.

En pastillas ou cápsulas poden conter entre un 20-30 % de pureza de MDMA, o cristal entre un 60-90 %.

Pode ser adulterada engadindo cafeína, paracetamol, xiz, deterxente...



MDMA E ADOLESCENCIA

Factores como o sexo, a idade, o peso, o estado anímico e o contexto inflúen directamente nos efectos.

Durante a adolescencia a parte do cerebro encargada de regular o estado emocional e, sobre todo, de tomar decisións atópase en **pleno desenvolvemento**, polo que é un momento de especial vulnerabilidade aos seus efectos.



GOLPE DE CALOR

Algo común cando consumimos MDMA. Trátase dunha subida brusca da temperatura corporal ata niveis perigosos para o organismo con un risco grave de deshidratación.



ELIMINACIÓN

Os primeiros efectos soen aparecer entre os 20 e os 45 minutos e tardan en desaparecer **entre 5 e 6 horas**.

Na ouriña pode ser detectado ata **2 ou 3 días** despois do último consumo.



ALGÚNS DATOS

Un dos seus efectos é a potenciación do noso estado emocional, polo que intensifica os sentimentos, emocións e preocupacións.

Mesturado con alcol favorece o incremento da temperatura corporal e o nivel de deshidratación do noso organismo, e con outro estimulante (cocaína, cafeína) conleva á sobreestimulación do Sistema Nervioso Central, polo que aumenta os efectos perxudiciais.

É totalmente contraproducente en persoas que sofren problemas de corazón, fígado, riles, asma ou epilepsia, e para persoas con problemas psicolóxicos como ansiedade ou depresión.